

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 12 de febreiro de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. José Manuel Figueroa Vila

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día doce de febreiro de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(127).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria 22 de xaneiro de 2006 . Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(128).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 441/05 INTERPOSTO POR TRANSPEIXOTO S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE TRÁFICO DESESTIMATORIA DE RECURSO CONTRA SANCIÓN. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 10.10.06 do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución do concelleiro de tráfico do Concello de Vigo de 24.08.05 desestimatoria do recurso de reposición interposto por Transpeixoto S.L. contra a resolución adoptada no expediente número 104909778822 pola que se lle impuxo unha multa de 92 € por infracción do artigo 72.3 LSV (falla de indentificación do conductor). A sentenza falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Transpeixoto S.L. fronte o Concello de Vigo neste P.A. 441/05 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Derecito, sen pronunciamento en materia de custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta

3(129).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 266/2006 INTERPOSTO POR D. JOSE FERNANDEZ JUIZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN POLA RETIRADA DE MESAS E CADEIRAS DE TERRAZA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 1.09.06, dictada polo X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por Ana Pazo Irazu, en nome e representación de José Fernández Juárez, contra a resolución de Seguridade e Mobilidade, pola que se desestima a reclamación presentada polo recorrente, o 7 de outubro de 2005, en relación coa retirada de 3 mesas e 8 cadeiras da terraza da súa cafetería “La Colmena” levada a cabo por axentes da Policía Local o día 12 de maio de 2005, interesando unha indemnización por importe de 458,59 €, sen facer expresa imposición e custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó departamento de Mobilidade e Seguridade.

4(130).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 244/2006 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA LIQUIDACIÓN DE IBI 2005 –INMOBLE SITO NAS ILLAS CÍES. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 19.06.07 do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo inadmitir e inadmito a demanda formulada pola letrada da Xunta contra a desestimación presunta do requerimento formulado, o 16 de xaneiro de 2006, pola Xunta de Galicia pola que se interesa a anulación da débeda tributaria en concepto do IBI polo ben inmovible con referencia 000900700NG07D0001JF por falla de agotamento da vía administrativa previa, sen facer expresa imposición de custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tributos-IBI.

5(131).- SENTENZA DO T.S.X.G. NO R.C.A. Nº 02/4731/02 INTERPOSTO POR D. JAVIER COMESAÑA OTERO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 6.07.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Javier Comesaña Otero contra a desestimación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polo recorrente con motivo do accidente que sufriu o día 24 de maio de 2001 ó circular pola rúa Colombia de dita cidade; sen custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ós Servizo de Patrimonio e Contratación.

6(132).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/7427/2003 INTERPOSTO POR D. ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 27.07.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Rexeitamos o recurso contencioso-administrativo do procurador Sr. López Rioboo, no nome de D. Antonino García Fernández contra a desestimación por silencio, polo concello de Vigo, da reclamación e responsabilidade patrimonial presentada o 4.02.04.Sen declaración de custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

7(133).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A Nº 39/05 INTERPOSTO EN NOME DE MONTANA BALADOS S.L. EN RELACIÓN CO DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO POLA OCUPACIÓN DOS LOCAIS 13, 15 E 20 DA RÚA PROGRESO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 31.10.07, dictada polo X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución do Concello de Vigo de 3.12.04, conformatoria en

alzada do acordo plenario de 24.11.03 do Concello de Vigo polo que se exercita acción de desafiuzamento pola ocupación dos locais números 13, 15 e 20 da rúa Progreso. A sentenza falla o seguinte:

Desestimao o recurso coantencioso-administrativo interposto por Carmen Balados Pérez en nome e representación de Montana Balados S.L. fronte ó Concello de Vigo contra a resolución arriba indicada, seguido como P.O. 39/05, resolución que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

8(134).- AUTO DO X. DE 1ª INSTANCIA N1 6 DE VIGO NO PROCED. ORD. Nº 255/2006 INTERPOSTO POR PORTEROS Y CONTROLADORES S.L. EN RELACIÓN CON RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE CONTROL DE ACCESO Ó APARCAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO. DESESTIMIENTO.

Dáse conta do auto de data 16.10.06 do Xulgado de primeira Instancia nº 6 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Ter por desistida á entidade “Porteros y Controladores Industriales S.A.” representada polo procurador D. Alberto Vidal Ruibal, da demanda formulada pola mesma contra o Concello de Vigo, e, en consecuencia, sobreseer o presente procedemento, arquivándose as actuacións, condenando en custas á parte actora.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

9(135).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTEs: 11/1253, 4/1309, 2/254, 13/1493.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local accorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Albina Domínguez Alvarez. Expte. 11/1253.
- D^a. M^a Luisa Pena Santiago. Expte. 4/1309.
- D^a. Rosario Alonso Covelo. Expte. 13/1493.
- D^a. Olida Rosendo Castro. Expte. 2/524.

10(136).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5.02.07 SOBRE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A MARCHA CICLISTA HOMENAXE A OSCAR PEREIRO, POR CAMBIO DE DATA. EXPTE. 6849/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do Instituto Municipal dos Deportes, do 7.02.07, conformado pola concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local:

Segundo consta neste expediente “Rias Baixas Comunicación”, ten previsto organizar o vindeiro 18 de febreiro de 2007, unha marcha ciclista .

Esta proba deportiva, está previsto que se desenvolva pola rúas da cidade , con saída da rúa Concepción Areal ás 10.00 horas, que comenará a ruta cicloturista e as 12.00 horas a marcha de ciclismo popular con saída dende a mesma rúa.

O devandito evento xa se notificou a Seguridade, Policía Local e Protección Civil.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a “Rias Baixas Comunicación“, a organizar o vindeiro domingo 18 de febreiro de 2007, a Marcha Ciclista Homenaxe a Oscar Pereiro, a partir das 10.00 horas, e que terá un percorrido por distintas rúas da cidade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(137).- CONTRATACIÓN PARA ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E ACTIVIDADES PARA O PROGRAMA DE FORMACIÓN E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL “MOLLÉMONOS, O CAMILO ELÍXELO TI” 2006-2007. EXPTE. 2770/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Departamento da Muller, do 18.01.07, conformado pola concelleira delegada de Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto por importe global de 36.474,00€ , con cargo á partida 463.2.226.06.00 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente , para facer fronte á realización dos cursos seleccionados ó abeiro do disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2º.- Aceptar a renuncia presentada por Dª Dolores Ruíz Gestoso para a impartición dos cursos Alfabetización para mulleres adultas, Manexo do stress e da ansiedade e A solidariedade é cousa nosa, seleccionados por tres entidades adheridas ao programa.

3º.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de asistencia técnica, de conformidade co previsto no artigo 201 do RDL 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e o artigo 72 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e ás bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural da Concellería da Muller “¡Mollémos, o camiño elíxelo tí”, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2006, co obxecto de contratar as/os monitoras/os que impartirán os cursos no segundo cuatrimestre do programa (xaneiro-xuño 2007) , con:

Mª Carmen Lamas Estévez (Proposta 2) NIF: 34.605.370F
Curso: Madeira, pintura, decoración e restauración
Horas: 30
Vocalías: S.C.D.R. Helios e C.C.A.R. Valladares
Prezo hora: 33€
Contía: 1.980,00 Euros

Mónica Calvo Serrano (Proposta 3) NIF: 36.083.616C
Curso: Adestramento da memoria
Horas: 15
Vocalías: AV San Miguel Oia
Curso: Atención e memoria
Horas: 45
Vocalías: AV As Nosas Rúas
Curso: Esquecemento do esquecemento
Horas: 15
Asociación de Mulleres Dorna
Prezo hora: 33€
Contía: 2.475,00 Euros

Marisol Rodríguez Fernández (Proposta 7) NIF: 36.088.127 T
Curso: Taichí e Chi-kung, ximnasia suave que relaxa e coida a saúde
Horas: 15
Vocalías: SCDR Helios
Horas: 30
Vocalías: Unión CM de Consumidores e Amas Fogar Vigo, CRAC Coruxo
Prezo hora: 33€
Contía: 2.475,00 Euros

Guadalupe García Fernández (Proposta 12) NIF: 36.033.077 N
Curso: Areas decorativas e flores de sabón
Horas: 15
Vocalías: AV Praza da Miñoa

Horas: 30
Vocalías: AV Fonte do Galo
Curso: Marquetería aplicada ao carei, nácar e cuncha
Horas: 15
Vocalías: AV Sampaio
Curso: Diferentes técnicas ornamentais aplicadas sobre o cristal
Horas: 15
Vocalías: AV Castrelos e AV Sárdoma

Curso: Pintura decorativa sobre tea
Horas: 15
Vocalías: AV O´Freixo
Prezo hora: 33€
Contía: 3.465,00 Euros

Josefina Alonso Alonso (Proposta 16) NIF: 39.463.774 Y
Curso: Arranxo floral
Horas: 15
Vocalías: AV Lavadores, AV Camiño Vello e Asociación de Mulleres Xestas
Horas: 30
Vocalías: A.V. Pontenova Freixeiro
Prezo hora: 33€
Contía: 2.475.00 Euros

Hábitat Cultural, S.L. (Proposta 18) CIF: B.73029746
Monitora: Mª Pilar Lorenzo Represas

Curso: Dinámica terapia da risa
Horas: 15
Vocalías: AV Alcabre e Rede de Mulleres Veciñais
Horas: 30
Vocalías: AV San Paio de Navia

Monitora: Mª Pilar Soutelo Viñas
Curso: Coñecerse e quererse
Horas: 15
Vocalías: AV Doutor Fleming
Prezo hora: 31€
Contía: 2.325.00 Euros

Mª Jesús Vázquez Nieto (Proposta 20 e 21) NIF: 053187974Z

Curso: Ioga terapéutico e relaxación
Horas: 15
Vocalías: SCRD Nautilus
Curso: Relaxación e ximnasia antiestrés

Horas: 30
Vocalías: A.M. Dorna
Prezo hora: 33€
Contía: 1.485,00 Euros

Patricia Beiro Sanromán (Proposta 22) NIF: 76999458N
En representación da Comunidade de Bienes SERNUGA (Servicios Nutricionales de Galicia)

Curso: Adelgaza con saúde
Horas: 15
Vocalías: S.C.R.D. Nautilus Comesaña
Prezo hora: 33€
Contía: 495,00 Euros

Andrea Digiorgio Breard (Proposta 23) NIF: 36172942S

Curso: Reciclase e restauración
Horas: 30
Vocalías: A.V. Cristo da Victoria
Prezo hora: 33€
Contía: 990,00 Euros

M^a. Purificación Pérez González (Proposta 27) NIF: 36089847H Curso: Arquitectura popular da Galicia rural
Horas: 30
Vocalías: A.V. Beade
Curso: Museos en ruta
Horas: 30
Vocalías: C.C.R. Cabral
Curso: Vilas mariñeiras
Horas: 30
Vocalías: A.V. Doutor José Casas de Bouzas e A.M. Rosalía Castro
Prezo hora: 33€
Contía: 3.960,00 Euros

Sabelaocio,SLNE (Proposta 30) CIF: B.36476752

Monitora: M^a Carmen Bouza Acosta

Curso: Serigrafía con estaño, cobre e latón
Horas: 15
Vocalías: CCR Cabral

Monitora: M^a Dolores Toucedo Muñoz
Curso: Reciclaxe e restauración dos nosos bens
Horas: 30
Vocalías: F.Peñas El Olivo

Monitora: Josefa L. Gallego González
Curso: Repuxado en coiro
Horas: 15
Vocalías: AV Beade

Monitora: Concepción Villar Blanco
Curso: Emerxencias domésticas. Que facer?
Horas: 15
Vocalías: Asociación persoas xordas
Curso: Muller e calidade de vida
Horas: 30
Vocalías: A. VV. Lavadores

Monitora: Rosa Navarro Rodríguez
Curso: Os dereitos como consumidora.Reclamacións e garantías
Horas: 15
Vocalías: AV Torrecedeira
Prezo hora: 32,95€
Contía: 3.954,00Euros

C.C.A.R. Valladares (Proposta 39) CIF: B.G36617082

Monitora: M^a Consuelo Vilasánchez Muñoz
Curso: Técnicas de relaxación e autocontrol
Horas: 30
Vocalías: A. VV. Calvario

Monitora: Luz Barreiro Ramilo
Curso: Ioga
Horas: 15
Vocalías: CCAR Valladares e A.V. Cristo da Victoria
Horas: 45
Vocalías: A. Unión e Amistade

Monitora: Ana M^a García Rodríguez
Curso: Ximnasia de mantemento para adultas
Horas: 15
Vocalías: AV Bouzas e AVC Casco Vello

Monitora: M^a Isabel Rodríguez de la Iglesia
Curso: Ximnasia feminina de mantemento físico a ritmo da música
Horas: 15
Vocalías: AV As Fontes e AV Saiáns
Curso: Batuka
Horas: 30
Vocalías: A.V. Monte da Mina Castrelos
Curso: Pilates-equilibriun para mulleres
Horas: 45

Vocalías: Asociación de Mulleres Abaris

Curso: Pilates-equilibriun para mulleres

Horas: 30

Vocalías: A.V. San Miguel de Oia

Curso: Danza oriental

Horas: 30

Vocalías: A. VV. C. Torrecedeira

Monitora: M^a Natividad Vila Costas

Curso: Iniciación á informática

Horas: 15

Vocalías: A.V. Pontenova Freixeiro

Prezo hora: 33€

Contía: 10.395,00 Euros”

12(138).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A SAÍDA DE MULLERES DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 2766/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da oficina da Muller, do 4.01.07, conformado pola concelleira delegada de Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Autorizar o gasto de 18.100 Euros .- dazaoito mil cen euros, con cargo á partida 463.2.480.00.00 do presuposto vixente, para facer fronte ós gastos que orixinan á saída das mulleres da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas.

2º.-Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 18.100 euros .- dazaoito mil cen euros, a nome da funcionaria Cristina Gómez García, con NIF: 36.098.882-Z, técnica da oficina da muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

3º.- Aprobar as bases da axuda económica de apoio para ás mulleres á saída da Casa de Acollida que de seguido se transcriben:

AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA AS MULLERES Á SAÍDA DA CASA DE ACOLLIDA

XUSTIFICACIÓN:

A maior parte das usuarias da Casa de Acollida son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

O límite de estadía na casa, a falta de cualificación profesional, e as propias limitacións no mercado de traballo fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida á saída da Casa de Acollida sexan enormemente dificultosas. Esta situación profundiza, magnifica e amplía os obstáculos sociais e persoais necesarios para reconducir a súa vida.

A necesidade dunha axuda económica que facilite a súa reincorporación á comunidade faise non só evidente, senón urxente de xeito que moitas casas de acollida xa teñen tomadas medidas neste terreo.

No ano 2000 apróbase no pleno da corporación municipal o “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”, neste plan ,que tivo vixencia ata o ano 2003, recollíase a medida 1.5 de “Axuda económica de apoio á saída da Casa de acollida”. No marco do “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007” , a medida se mantén e refórzase ao modificar as bases de concesión co obxecto de flexibilizar os criterios de concesión respecto da perioricidade da súa entrega, así como da cantidade asignada.

Dende a posta en marcha da medida foron beneficiarias 61 mulleres. As valoracións realizadas polo equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Casa de acollida e polas propias mulleres beneficiarias é moi positiva.

O procedemento de concesión destas axudas, realízase previa valoración do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e da Casa de Acollida de mulleres maltratadas, equipos que traballan conxuntamente na recuperación integral da muller dende o seu ingreso na Casa de acollida municipal para mulleres maltratadas.

Por todo isto, cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo coas seguintes bases:

CRITERIOS DE CONCESIÓN:

1.- Procedimento e valoración

A proposta de adjudicación da axuda económica de apoio á saída da Casa de Acollida poderá partir de calquera das profesionais que integran o equipo de traballadoras do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) e presentarase en xuntanza ordinaria de coordinación CMIDM e Casa de Acollida onde se valorará a adecuación da proposta e no seu caso a contía da axuda.

Para a adjudicación das axudas extraordinarias a proposta de concesión deberá vir asinada por todo o equipo do CMIDM.

A traballadora social do CMIDM cubrirá a solicitude (Anexo 1) coa proposta da axuda e a remitirá ao Departamento da Muller para que proceda a súa tramitación. En ausencia da traballadora social e con carácter excepcional calquera outra profesional do CMIDM poderá cursar a devandita solicitude.

2.- Beneficiarias:

Usuarias da Casa Municipal de Acollida para mulleres maltratadas que a súa saída non regresen co agresor.

3.- Fins das axudas

a) Todas as mulleres que á saída da Casa de Acollida precisen do alugueiro dunha nova vivenda, sempre que os seus ingresos mensuais non superen o salario mínimo interprofesional terán dereito a unha axuda económica igual a un mes de renda de aluguer.

No caso de que da muller dependan 1 ou máis fillos ou fillas esta axuda será polo valor de 2 meses de renda de aluguer.

b) Aquelas mulleres que á saída da Casa de acollida perciban ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional poderán ser obxecto dunha axuda económica para facer fronte ás necesidades urxentes ou inmediatas: merca de alimentos, roupa, utensilios, etc, se así o valora o equipo de técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

En casos excepcionais de mulleres que superan o límite de ingresos poderase conceder a axuda se así o valora a traballadora social do Centro Municipal de Información mediante a emisión dun informe social.

Na fundamentación da solicitude farase constar ademais da contía proposta o investimento á que vai adicada a axuda e con qué documentos se xustificará.

4.- Importe e cobertura das axudas:

Establécense dous tipos de contía:

a) Unha contía máxima ordinaria de 650.- euros

b) Unha contía máxima extraordinaria de 900.-euros.

5.- Xustificación das axudas

As axudas concedidas serán xustificadas coa achega da seguinte documentación:

- DNI da beneficiaria
- Declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica.
- Facturas ou comprobantes de compra orixinais
- Contrato e/ou recibos de aluguer (orixinais ou copia compulsada)

6.- Departamento responsable

Concellería da Muller: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación coa Oficina da Muller.

7.- Avaliación e Seguimento:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente aberto no CMIDM deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1)Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- a) número de beneficiarias
- b) criterios empregados
- c) utilización das axudas
- d) seguimento dos destinos da axuda
- e) número de solicitudes denegadas
- f) motivo de denegación de solicitudes”

13(139).- DETERMINACIÓN DOS PRAZOS DEFINITIVOS DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN DO EDIFICIO EXISTENTE E FIXACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DUN PROXECTO ÚNICO DE EXECUCIÓN DO CONXUNTO ARQUITECTÓNICO DO PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 605/410/02.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 8.02.07, que di o seguinte:

É de coñecemento público, non so polas noticias publicadas na prensa local senón tamén polos diversos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de Órgano de Contratación do Concello, que a execución das obras de demolición da edificación existente na parcela sofren considerables demoras por causas axenas tanto a vontade do Concello como da propia sociedade concesionaria debido a que a edificación colindante na que exerce su actividad a entidade “Pereira, Productos del Mar” aséntase sobre as mesmas zapatas soterradas do edificio sobre o que actúase, orixinándose pequenos danos no mesmo que produciron gran preocupación nos traballadores sobre súa seguridade no traballo, o que motivou que a Inspección de Traballo dictase a correspondente Orde de paralización da execución das obras en tanto en canto non se garantizase a mesmo ou a falta da autorización da Delegación provincial da Consellería de Cultura para á execución dos sondaxes mecánicos no subsolo da parcela por emplazarse no ámbito dunha área protexida polo xacemento arqueolóxico existente na Rúa Marqués de Valterra.

Por outra banda a Autoridade Portuaria de Vigo, aínda non resolviu sobre a solicitude da Concesión instada polo Concello para permitir os accesos ó aparcadoiro soterrado polo calexón lindante coa Escola Nautico-Pesqueira, o que ocasiona que os autores do proxecto de execución determinen co mínimo rigor técnico as correctas determinacións no proxecto para levar a cabo a execución da obra.

Ante tales inconvenientes o Concello conxuntamente coa concesionaria é tamén coa entidade “Pereira, Productos del Mar”, nos asuntos que lle afectaban, foi tomando medidas que posibilitasen o cumprimento coa CPTOP da Xunta de Galicia o compromiso suscrito que consistieron no fraccionamiento da presentación dos proxectos básicos de edificación do Auditorio e o de a Zona complementaria de explotación comercial, a presentación dun proxecto de un proxecto de execución da cimentación da edificación o que permitiu outorgamento das correspondentes certificación de obras que previa aprobación foron remitidas a CPTOP para o abono das cantidades comprometidas para o ano 2006, xa que tal e como están redactadas as cláusulas do convenio senón facíase así, en principio, perderíase una suma próxima os sete millóns de euros.

Paralelamente foron adoptándose medidas na execución da demolición como a modificación da forma de efectual, baste dicir que nestes momentos realízase case que manualmente e en horarios nos que non practícase actividade alguna na nave colindante e asemesmo non ocasionase perxuicios aos residentes na zona por traballar de noite, - de 19,00 h. a 03,00 ou 06,00 h - o que ocasiona retrasos na terminación da execución da demolición.

Certo é que no PCAP especificanse con precisión os deferentes prazos para a presentación dos proxectos técnicos e os de execución das obras pero tamén é certo que nas Cláusulas 30 e ss. contéplase a forma de execución das obras e súas posibles modificacións as prórrogas que poden outorgarse a cal debe ser concedida polo Concello e os correspondentes axustes económicos que poideran devengarse serían por conta da concesionaria, suposto que non se aprecia no presente caso por non terse iniciado aínda o cómputo do prazo de duración do contrato xa que iníciase no momento do inicio da execución da obra nova.

Agora ben, as medidas adoptadas no intre do ano 2006, anteriormente reseñadas, deben de ser axustadas para a maior defensa dos intereses públicos é aos principios reguladores expostos nos pregos reguladores do concurso, razón pola que tras diversas reunións mantidas entre os deferentes servicios municipais cos técnicos da concesionaria e a Dirección facultativa, llegouse o acordo de que a mellor solución é autorizar a ampliación do prazo para a terminación das obras de demolición ata o 31 de marzo de 2007 é a presentación dun proxecto único de execución do conxunto arquitectónico no que se recollan as precisións manifestadas polos deferentes servicios municipais, xa coñecidas pola sociedade concesionaria, con anterioridade ao día 7 de mayo de 2007.

Por iso, propónse a Xunta de Goberno Local, en calidade de Órgano de contratación do Concello, que o amparo das Cláusulas 36 e 37 do PCAP regulador do Concurso, adopte o seguinte A C O R D O

Primero.- Conceder a entidade “Pazo de Congresos de Vigo. SA” unha prórroga ata o vindeiro 31 de marzo de 2007 para a total execución das obras de demolición das edificacións existentes nas parcelas de emplazamiento da Obra Pública do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo.

Segundo.- Requerir a entidade concesionaria para que con anterioridade o día 7 de mayo de 2007 presente un Proxecto único de Execución do Conxunto Arquitectónico no que se recollan as precisións manifestadas polos deferentes servicios municipais, e no que se especifiquen as características e actividades que desenvolverá na denominada Zona complementaria de explotación comercial.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(140).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA DO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 2122/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 30.01.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Vigilancia Integrada, S.A.” o concurso para a contratación do servizo de vixilancia do Museo Municipal de Vigo Quiñones de León. Expte. 2122/337 por un importe total do contrato (dous anos) de 195.362,14 euros e os seguintes prezos hora:

Hora diurna: 15,96 €.

Hora festiva diurna: 17,17 €.

Hora nocturna: 17,47 €.

Hora festiva nocturna: 18,67 €.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 30.10.2006 e a oferta presentada.

15(141).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS. EXPTE. 4154/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 29.01.07, conformado polo concelleiro de Meido Ambiente e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 30-06-2006 acordou contratar con Temperans – Animals, S.L. a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do concello de Vigo.

No apartado 7.3 da folla de especificacións do contrato (FEC) do prego de condicións administrativas que rexeu a contratación establecíase a posibilidade de prorroga-lo contrato para o periodo 15-06-2007 ata o 15-09-2007.

O técnico supervisor de Medio Ambiente propón a prorroga do actual contrato, propoñendo como importe da prorroga do contrato a de 135.000 euros.

O gasto pode imputarse á partida 4533.227.01.00. do presuposto vixente

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la prorroga do contrato para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do concello de Vigo asinado con Temperans – Animals, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 30-06-2004.

O importe da prorroga establecece en 135.000 euros, o gasto se imputará á partida 4533.227.01.00.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(142).- PLAN OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2007. EXPTE. 18009/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, de data 30.01.07, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente, que di o seguinte:

O Servicio Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ó Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 13 de abril de 2007 remitase a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.

Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRIPCIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO A	Areal da Punta (A Guía)	20
QUIOSCO B	Areal de Santa Baia	20
QUIOSCO C	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO D	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO E	Areal de Argazada	20
QUIOSCO F	Areal de Samil	20
QUIOSCO G	Areal de Samil	20
QUIOSCO H	Areal de Samil	20
QUIOSCO I	Areal do Bao	20
QUIOSCO K	Areal do Bao	20
ALMACEN ESCOLA NAUTICA K1	Areal do Bao	20
QUIOSCO L	Areal do Bao	20
QUIOSCO M	Areal do Bao	20

Tódolos quioscos e o almacen relacionado (13) aparecen sinalados nos Planos escalas 1:1000 do servizo de Medio Ambiente do concello de Vigo.

O modelo de quiosco orientativo achégase en plano de escala 1:50. Ten unha superficie pechada de 20m² a base troncos macizos na súa construción e cuberta termochip e tegola, en sintonía co entorno natural no que se pretenden instalar.

No Prego de Prescripcóns Técnicas de adxudicación destas instalacións turísticas especificouse para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

Observouse en tódolos casos, a prescripcón de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas.

OUTRO TIPO DE INSTALACIONES: ESTACION NÁUTICA.

A Estación Náutica se ubicará na Praia do Vao e que contará cunha subestación para piragüismo na Praia de Samil. Para este servizo, onde se ofertarán actividades acuáticas sen motor, como vela, wind-surf e piragüismo.

O número de unidades que se instalarán serán as seguintes:

- Vela-Catamarán 2
- Tablas de Windsurf 6
- Piragüas 30 (15 Vao/15 Samil).

Para que o material poida ser recollido tódolos días, co gallo de minimiza-la interferencia con outros usos comúns da praia, será necesaria a instalación de:

- *Almacén de 20 m2 de peche, coas mesmas características de construción que os quioscos e instalado na zona de uso público que aparece sinalada no plano nº 7 coa inscrición K1 (Este almacen figura na relación de tódalas instalacións que consta neste informe).*

A vista das anteriores circunstancias, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo Plan de Ocupación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2007 tal e como se recolle na parte expositiva de este informe.

2º.- Remitir antes do día 13 de abril de 2007 este Plan de Ocupación e Explotación para o ano 2007 ó Servizo Provincial de Costas.

3º O concello de Vigo obrígase a esixir dos adxudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(143).- SOLICITUDE DE CORPORACIÓN MASAVEU S.A. DE REVISIÓN DE TARIFAS DE APARCAMENTO DA PRAZA DO REI. EXPTE. 18015/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, de data 31.01.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Alvaro Mitelbrunn Puga, en nome e representación da empresa “Corporación Masaveu, S.A.”, titular da concesión para a explotación do aparcadoiro subterráneo da Praza do Rei, titular da mesma pola transmisión da concesión aprobada en sesión do Pleno do Concello en data 30 de maio de 1997, feita pola adxudicataria TEGECIVI, S.A., a favor da solicitante, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral solicita a revisión das tarifas que se están aplicando polo citado aparcamento.

A posibilidade de revisión das tarifas aparece recollida no prego de condicións que rexeu a adxudicación da concesión; así no anexo II do mesmo, en referencia ás condicións que rexerán a concesión da explotación do aparcadoiro, establece que as tarifas revisaránse anualmente o primeiro de xaneiro de cada ano, previa petición do adxudicatario, en función das variacións que experimente o IPC nacional ou índice que o substitúa.

Na actualidade a tarifa de hora ou fracción neste aparcamento está establecida en 0,95 euros, para proceder a revisión das tarifas para o ano 2006, deberase aplicar o incremento do IPC no período que medie dende decembro de 2004 decembro de 2005, resultando este 3,7%, polo que as tarifas revisadas a partir do 1 de xaneiro de 2006 serán de 0.985 euros, cada hora ou fracción.

Polo exposto, PROPONSE A XUNTA LOCAL DE GOBERNO DESTA CONCELO, previo informe de Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de tarifas que rexerán no Aparcamento Subterráneo da Praza do Rei, cuxa actual adjudicataria é a empresa "Corporación Masaveu, S.A., e fixar as mesmas a partir do 1 de xaneiro de 2006 na cantidade de 0,985 euros, redondeando a 1 euroa, a hora ou fracción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(144).- SOLICITUDE DE ELOYMAR Y TRANVÍAS ELECTRICOS DE VIGO UTE DE REVISIÓN DE TARIFAS DE APARCAMENTO DE URZÁIZ. EXPTE. 18008/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, de data 29.01.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da U.T.E., conformada por Eloymar, S.A. e Transvias Electricos de Vigo, S.A., con C.I.F. G-36.856.953, mediante escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello, DOC. 70005327, solicita a revisión das tarifas do aparcadoiro da rúa Urzaiz.

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o 15 de abril de 1999, acordou adjudicar a empresa U.T.E. Formada por Eloymar, S.A., e Transvias Electricos de Vigo, S.A., a concesión da construción e explotación dos aparcadoiros municipais na rúa Urzaiz e na Praza da Independencia.

A posibilidade de revisión das tarifas, aparece recollida na cláusula IX do Prego de cláusulas Administrativas que rexeron a concesión dos mencionados aparcamentos, dita cláusula manifestase, de forma resumida, nos seguintes termos:

“ O réxime de utilización das prazas dos aparcamentos, presentará as seguintes modalidades:

- a) Aparcamento por utilización anual.*
- b) Aparcamento por utilización mensual.*
- c) Aparcamento por utilización por horas.*
- d) Abonos especiais por uso nocturno.*
- e) Ocupacións por periodos superiores a un ano.*

En canto as tarifas, menciona que, o concesionario terá dereito á revisión das modalidades a), b), c) e d), mencionadas no punto anterior, a partir do transcurso do primeiro ano da posta en funcionamento dos aparcamentos e sucesivos, conforme ás variacións do IPC no período anual inmediato anterior. A tal efecto o concesionario comunicará ó Concello as tarifas resultantes, previamente ó establecemento das mesmas, correspondendo a súa actualización ó Pleno do Concello, que poderá delega-la competencia na Comisión de Goberno, na actualidade Xunta de Goberno Local, para aprobar as actualizacións anuais das mesmas”.

Según a documentación que consta no expediente de contratación da concesión, a última actualización das tarifas neste aparcamento da rúa Urzaiz, foi aprobada na Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2007, adxuntase xunto con este informe proposta copia da certificación de dito acordo, fixándose unha tarifa/hora de 1,30 euros.

A vista do anterior, desprendese que para ó cálculo da revisión de tarifas solicitada, que serían as correspondentes a anualidade do ano 2007, ó importe fixado para o ano 2006, de 1,30 euros, deberaselle aolicar o incremento da anualidade anterior, decembro 2005/2006, que segundo datos facilitados polo INE, foi de 2,7%. Unha vez aplicado dito incremento á tarifa actualmente vixente, resulta unha tarifa horaria revisada de 1,34 euros.

Non obstante ó anterior, na Xunta de Goberno de 15 de xaneiro de 2007, aprobaronse unha relación de tarifas correspondentes os distintos aparcadoiros municipais, expresando as mesmas de forma proporcional co coste do uso real do servizo do aparcadoiro, establecendo o prezo das mesmas por minuto.

O anterior acordo adoptouse, en relación a Lei 44/2006, de 29 de decembro de mellora da protección dos consumidores e usuarios, que no art. 3 modifica o art. 11 da Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato do aparcadoiro, sinalando en todo caso, que o prezo do servizo de aparcadoiro determinarase en función do tempo real de prestación do mesmo, por outra banda, a nova Lei introduce un novo apartado, 2, no artigo 1 da lei 40/2002, no que se indica que nos estacionamentos rotatorios o prezo pactarase por minuto de estacionamento, así mesmo modifícanse os artigos 2.b); 3.1 b); 3.1d) e 4.a), da citada lei 40/2002.

A disposición transitoria segunda da Lei 44/2006, sinala que as novas obrigas impostas polo artigo 3, serán esixibles transcurridos cinco meses dende a súa entrada en vigor, agás as modificacións referentes ós artigos 1.2 (prezo por minuto) e 3.1.b) (requisitos de información que debe conter o resguardo que, polo xestor do aparcadoiro debe entregarse ó usuario), que serán esixibles unha vez transcurran oito meses, é dicir, en data 31 de agosto do presente ano 2007.

Polo que en base ó anterior, a tarifa revisada de 1,34 euros, a partir, fixarase na cantidade 0,022 cts. de euro, a partir do 31 de agosto do presente ano.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a revisión das tarifas/hora, do aparcamento municipal da rúa Urzaiz, adxudicado a U.T.E, "Eloymar S.A., Transvias Electricos de Vigo, S.A., por acordo do Pleno municipal de data 15 de abril de 1999, establecendo as mesmas a partir da data de aprobación da presente proposta, na cantidade de 1,34 euros iva engadido.

Segundo.- A partir do 1 de setembro de 2007, e segundo ó disposto na Lei 40/2002 en relación coa Lei 44/2006 de 29 de decembro, o prezo da tarifa por minuto, quedará establecida na cantidade de 0,022 cts. de euro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(145).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de intervención xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Devolver a MDC S.L.a fianza de 2.311,88 € constituída para responder da subministración dun tractor xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1633/241.
- b) Devolver a MDC S.L. a fianza de 1.423,73 € constituída para responder da subministración dun tractor-dumper para o Parque Móbil xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1623/241.
- c) Devolver a AGRUPCONSA S.L. as fianzas por importe de 50.000 €, 50.000 € e 50.000 €, constituídas para responder de acopios de materiais para obras no chalet Atalaia. Expte. 1624/241.
- d) Devolver a ITURRI S.A. a fianza por importe de 17.551,30 € constituída para responder da subministración de vestuario para o persoal municipal xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 1632/241.
- e) Devolver a TROBEIRO S.L. a fianza por importe de 14.787 € constituída para responder da xestión da Escola municipal de Música, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 601110763.
- f) Devolver a ESYCSA S.A.a fianza por importe de 219,16 € constituída para responder da instalación de paso de peóns en Ramiro Pascual-Beade xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1608/241.
- g) Devolver a SANTIAGO CUCART S.L. a fianza por importe de 129.818,61 € constituída para responder da asistencia técnica de colaboración no procedemento de recadación xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 6973/540.
- h) Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. a fianza por importe de 1.202, 02 € constituída para responder das obras de balizado da praia da Fonte, xa que foron recibidos mediante acta de 31.10.00 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 1630/241.

20(146).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN NOME DE AQUALIA-FCC VIGO UTE CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL ESTIMATORIO DA RECLAMACIÓN DE DANOS DE D. PEDRO RICA RODRÍGUEZ. EXPTE.511/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo técnico de Admón. Xeral, do 2.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 24/10/2006, D. Darío Arias Núñez, en nome e representación de Aqualia-FCC Vigo U.T.E, interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 09/10/2006, notificado o 25/10/2006, polo que, estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Pedro Rica Rodríguez polos danos físicos ocasionados o 18/02/2005 por un accidente na rúa Lepanto, declárase que a dita responsabilidade patrimonial, corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo municipal de augas deste Concello, polo que debe indemnizar ó reclamante.

O recurso interposto non cuestiona a responsabilidade da U.T.E. Aqualia-FCC, senón a contía da indemnización, que cifra en 1.672,82 euros, xa que é esta a cantidade expresamente solicitada polo lesionado, e non a de 2.274,21 euros fixada no acordo agora recorrido, o que ó seu criterio evidencia unha incongruencia na determinación do quantum indemnizatorio.

A diverxencia na cuantificación da indemnización estriba en que o lesionado valora os 58 días de baixa como non impeditivos, mentres que o informe da asesoría médica do Concello considera como de incapacidade temporal non impeditiva soamente 30 días e os restantes 28 días como impeditiva. Tal discrepancia ha de resolverse a favor da valoración feita polos servizos médicos municipais, sexa cal fose o seu resultado, xa que deles cábe esperar, segundo reiterada xurisprudencia, unha maior certeza e imparcialidade que a que poida realizar ou levar a cabo os interesados ou os técnicos designados por eles.

A resolución impugnada, tal como preceptúa o artigo 89.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, é congruente coa petición formulada polo interesada, que non foi outra que a indemnización polos danos e perdas que se ocasionaron, e que cuantifica en 1.672,82 euros.

A resolución impugnada, ó non ter en conta a contía da indemnización solicitada e si a fixada pola asesoría médica do Concello, non fixo máis que resolver unha cuestión formulada e derivada do propio procedemento, dando con iso cumprimento ó establecido no punto 1 do devandito artigo 89 da Lei 30/1992, que establece que “a resolución que poña fin ó procedemento decidirá todas as cuestións formulads polos interesados e aquelas outras derivadas do mesmo”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto en nome de Aqualia-FCC Vigo U.T.E., con data 24/11/2006, contra Acordo da Xunta de Goberno local de 09/10/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os feitos e os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(147).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN NOME DE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE DANOS DE D^a. MARÍA TERESA GONZÁLEZ PÉREZ. EXPTE. 434/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo técnico de Admón. Xeral, do 30.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 30/11/2006, D. Guillermo de Cal Alonso, en nome e representación de Fomento de Construcciones y Contratas S.A. interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 16/10/2006, notificado o 02/11/2006, polo que, estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Teresa González Pérez polos danos producidos o 16/10/2004 ó esvarar por uns cristais e cartóns publicitarios na rúa Santo Domingo, declara que dita responsabilidade patrimonial, cuantificada en 960,15 euros, corresponde á agora recorrente, en canto concesionaria do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria deste Concello.

Para a recorrente, os danos reclamados nada teñen que ver co funcionamento do servizo público do que é concesionaria, xa que en todo momento cumpriu coas súas obrigas contractuais, o que rompe a necesaria relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e o resultado danoso. A tal efecto invoca o informe do servizo de Limpeza do Concello de 21/05/2005, que textualmente di “Unha vez consultados os arquivos deste servizo, comprobamos que o colector de recollida de papel-cartón da illa de reciclaxe sita na rúa Brasil e denunciada neste expediente quedou baleiro durante a noite do día 15/10/2004 ao 16/10/2004 (noite anterior do día do accidente), descoñecendo se despois de que realizara este servizo alguén botou máis cartón dentro ou fóra do colector”.

O feito de que o colector de recollida de papel-cartón quedase baleiro na noite anterior ó día do accidente, como se di no informe anterior, non exclúe que a causa do accidente fose o esvaramento debido ós cristais e os cartóns, tal como se recolle na proba testifical, na que a testemuña proposta á pregunta de cal foi o feito causante da caída responde que “unos cristales que había allí, el día anterior estaban allí y los intenté apartar; estaban al lado de un contenedor”. Así mesmo, á pregunta de se había algún defecto ou obstáculo na rúa, responde que ó lado dos cristais había cartóns de caixa, que ó estaren apoiados nos colectores non se vían. Tales afirmacións non foron desmentidas pola concesionaria do servizo.

Entre as obrigas da concesionaria do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e da limpeza viaria do Concello de Vigo, Fomento de Construcciones y Contratas S.A., está non só a recollida de residuos sólidos urbanos, senón tamén, conforme o establecido no punto 2.1 sección 2ª do capítulo IV do prego de condicións técnicas que rexeu a concesión, a que se establece expresamente “tamén será obriga do concesionaria a recollida de residuos que non se atopen depositados dentro dos recipientes normalizados”, así como as de “varrido manual e/ou mecánico, coa frecuencia que sexa necesaria, segundo as características das rúas e prazas da cidade” e a de “varrido de mantemento das rúas onde sexa necesario, de forma que aparezan limpas durante todo o día” (punto 2.2.1 da sección 2ª do capítulo II).

Resulta pois evidente a relación de causalidade entre o funcionamento anormal do servizo (a non recollida e/o non varrido dos cristais e cartóns que levaban varios días fóra dos colectores) e os danos ocasionados ó esvarar sobre eles Dna. María Teresa González Pérez.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto en nome de Fomento de Construcciones y Contratas S.A., con data 30/11/2006, contra Acordo da Xunta de Goberno local de 16/10/2006, mantendo firme a resolución

impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os feitos e os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(148).- RECLAMACIÓN DE D^a. ESTHER ARANZAZU MIGUEL VILARIÑO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 611/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo técnico de Admón. Xeral, do 30.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Esther Aranzazu Miguel Vilariño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de maio de 2005, no que expón que o día 27 de maio de 2004, mentres camiñaba pola avenida Fragoso, á altura do número 17, sufriu unha caída por mor da mala colocación das lousas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 27/05/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Miguel relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia da deficiencia das lousas da beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/10/2005, sobre a situación do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.979,30 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 24/01/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Miguel.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 22/02/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun danos efectivo, individualizado e avaliábel economicamente.

Constatada polos documentos que obran no expediente a realidade da caída da solicitante o día 27 de maio de 2004 na beirarrúa da avenida de Fragoso de Vigo, no parte de asistencia en urxencias do Hospital Xeral-Cíes diagnósticaselle ó ingreso “Contractura cervical e lumbar”. O ditame da Asesoría Médica do Concello de data 30 de decembro de 2005 literalmente di “Llama la atención que una patología tan llamativa de cefaleas, cervicobraquialgia, contractura de hombro derecho, mareos y un sinfín de clínicas dolorosas no hubiese sido estudiada mediante RMN tanto de su hombro como de su columna cervical y lumbar. Así mismo también llama la atención que no tengamos el resultado de la consulta de fecha 07/10/04 de la Dra. Castro del Servicio de RHB. Por todo lo expuesto, considero que por la lesión que presentó Contusión cervical y hombro derecho, precisaría desde el día 27/05/04 al 15/07/04 para su recuperación y a lo sumo como secuelas Cervicalgias residuales y no un Síndrome post-traumático cervical, ya que este diagnóstico obligaría a la realización de un estudio de RMN del segmento cervical.”.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifesta a testemuña proposta pola solicitante nese intre era de día, a mediodía e a visibilidade era boa, e tal e como se observa nas fotografías achegadas ó expediente e resulta da propia pobra testifical, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituindo un defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que Dna. Esther Aranzazu Miguel Vilariño non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída. Non é óbice ó anterior que a interesada estivese empuxando o carriño do seu fillo pequeno cando aconteceron os feitos, por canto no suposto de ter pouca visibilidade, non se lle pode imputar á Administración esta circunstancia e, en todo caso, dita circunstancia tería que compelerlle a unha maior atención e control do seu camiñar.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa

subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Esther Aranzazu Miguel Vilariño por unha caída ocorrida o día 27 de maio de 2004 na avenida Fragoso, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(149).- RECLAMACIÓN DE D^a. MILAGROS FERNÁNDEZ LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 447/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo técnico de Admón. Xeral, do 16.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Milagros Fernández López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de decembro de 2004, no que expón que o día 22 de decembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Aragón, á altura dos números 8 e 10, tivo unha caída, por mor da falta dunha baldosa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 23/12/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Fernández relátalles o accidente que tivera e que “la baldosa no estaba en su sitio, quedando un hueco considerable”.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/07/2005, manifestando que na data do informe non se observaban anomalías na zona.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/11/2005, manifestando non teren constancia do estado do lugar na data do accidente nin de reparación de desperfectos tras o accidente.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 9.579,84 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 10/02/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 14/02/2006, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia á aseguradora Mapfre Industrial, en data 17/11/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Da instrución practicada, dedúcese que concorren no presente caso os requisitos legalmente esixidos para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración polos danos físicos sufridos pola reclamante, cuantificado pola asesoría médico do Concello en 9.579,84 euros.

Na data do accidente causante dos danos, o Concello tiña concertado un seguro de responsabilidade civil coa compañía Mapfre Industrial, con ámbito de vixencia de 01/01/2003 ata 31/12/2004, cunha franquía a cargo do tomador do seguro de 9.000 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dna. Milagros Fernández López polos danos físicos causados o día 22 de decembro de 2004 por unha caída ocorrida na rúa Aragón, cuantificados pola asesoría médica do Concello en 9.579,84 euros.

2º.- Comunicar o presente acordo á entidade Mapfre Industrial para que procedan ó aboamento da cantidade sinalada con exclusión do importe da franquía contratada, debendo indemnizar á Sra. Fernández en 579,84 euros.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención para que procedan ó aboamento de 9.000 euros á Sra. Fernández.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(150).- RECLAMACIÓN DE D. JEAN-PAUL CÉDRIC LE MAREC DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 588/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo técnico de Admón. Xeral, do 29.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Jean-Paul Cédric Le Marec presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de abril de 2005, no que expón que o vehículo de súa propiedade, matrícula francesa 775-VH-56, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 04/08/2005, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 20/10/2005, manifestando que o presuposto de reparación de Talleres Ferwagen, S.L., achegado polo reclamante, non desglosa as horas de reparación, prezo unitario das mesmas ou o material de pintura, sendo soamente un presuposto global.*
- Informe da empresa Estacionamiento y Servicios, concesionaria do servizo de guindastre municipal, con data 07/06/2005, indicando non se faceren cargo dos danos reclamados unha vez que estes xa existían antes de engancharen o vehículo.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Estacionamientos y Servicios, concesionaria do guindastre municipal, que formula alegacións con data 22/11/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 19/12/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- No presente suposto, non consta acreditado no expediente o requisito esencial para poder apreciar a responsabilidade patrimonial: a efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei

30/1992). E así, nin a Policía local ten constancia dos feitos, nin o solicitante propón ningunha testemuña sobre eles, isto é, non hai acreditación de produción de ningún dano ó vehículo á consecuencia do seu traslado polo guindastre municipal. Pola súa banda, a concesionaria municipal Estacionamientos y Servicios S.a. nega os feitos.

A presentación dun presuposto de reparación do vehículo sen data tampouco demostra que os presuntos danos foran consecuencia do devandito accidente, e o Parque móbil do Concello de Vigo informa que o presuposto de reparación de Talleres Ferwagen S.L. non desglosa as horas de reparación, prezo delas ou material de pintura, achegando unicamente un presuposto global..

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Jean-Paul Cédric Le Marec, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a súa existencia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(151).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ROCÍO BALLESTEROS ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 563/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo técnico de Admón. Xeral, do 29.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Rocío Ballesteros Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de abril de 2005, no que expón que o día 20 de marzo de 2005, camiñando pola rúa Doctor Cadaval, á altura do antigo Banco Simeón, tivo unha caída por mor da falta dunha plaqueta no chan, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 20/03/2005, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, ve a Sra. Ballesteros caerse; igualmente, comproba a existencia dun oco de 60 x 60 centímetros, con terra no interior.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/05/2005, indicando que o accidente produciuse presuntamente nun alcorque da rúa.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 03/06/2005, manifestando que dos danos producidos deberá responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- Práctica de proba testifical, en data 19/07/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Ballesteros.*

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.057,28 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 11/10/2005, indicando que a empresa que realizara obras para a fachada do edificio do antigo Banco Simeón foi a responsábel da tala da árbore, deixando o alcorque baleiro.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/10/2005, indicando que a empresa que realizou a obra foi Comercial Senra, con licenza de ocupación de vía pública en nome da Comunidade de Propietarios de Dr. Cadaval nº 2, non tendo o Concello relación ningunha cos traballos de rehabilitación do edificio.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 21/12/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase conforme co ditame da asesoría médica do Concello, que o tempo transcorrido dende a data da caída (20/03/2005) ata a data de atención no Servizo de Urxencias do Xeral Cíes (08/04/2005), en total 19 días, pon en dúbida a correlación entre a caída e as lesións alegados pola solicitante, sen que haxa ningún informe de traumatólogo en datas posteriores á caída, como sería lóxico no caso

dun proceso traumático. O ditame da Asesoría médica do Concello di literalmente: “1) Por la edad de la lesionada, 74 años, el estudio radiológico de osteoartritis y el líquido extraído en la artrocentesis es más que probable que se deba a un proceso artrósico degenerativo, ya que de tratarse de un proceso traumático el líquido sería serohemático. 2) El tiempo transcurrido desde la caída hasta la fecha de atención, 19 días, descarta o pone en duda la correlación entre la caída y el derrame articular. 3) De ser un proceso traumático, no entiendo como no existe valoración o informe del traumatólogo, dado que el servicio de urgencias se le envía a consulta de traumatología en 10-12 días, sin embargo, el 28/04/2005 es su médico de cabecera el que la valora y no su traumatólogo. Por todo ello, a lo sumo se podrían computar 30 días de incapacidad para una contusión en una rodilla artrósica”.

Antes ben, o informe do traumatólogo que se achega en trámite de audiencia é de data 19/12/2006, e á vista del e dacordo co ditame médico referido hai dúbidas razoábeis de que a dolencia da solicitante se deba máis a un proceso artrósico dexenerativo que traumático.

Por outra banda, se ben está acreditado que Dna. María Rocío Ballesteros sufriu unha caída ó pisar un alcorque no que tería que haber unha árbore, a testemuña proposta por ela afirma que nese día había boa visibilidade e que o día estaba claro. E tal como se observa nas fotografías que o sevizo de Montes, Parques e Xardíns achegou ó expediente, non se trataba dun defecto oculto, senón que se podía observar a unha distancia razoábel, polo que a negligencia da vítima interfiriu co nexo causal co seu defectuoso control da propia deambulación.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. M^a Rocío Ballesteros Álvarez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(152).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DE D. DANIEL DEL RÍO DIZ, AXENTE DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 16927/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 2.02.07, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 15 de decembro de 2006 (doc. 60132176), D. Daniel del Río Diz, núm. persoal 78131, axente da Policía Local, solicita permiso non retribuído polo período de 6 meses (do 1 de febreiro ó 31 de xullo de 2007)

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

1º.- O solicitante leva prestando servizos no concello de Vigo dende o 1 de marzo do ano 1999, e non solicitou ningún tipo de permiso.

2º.- *Que o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, no seu art. 17. c) contempla o dereito dos empregados municipais a un permiso non retribuído por asuntos persoais de seis meses cada cinco anos ou 12 meses cada 10 anos. (Neste caso o interesado leva máis de cinco anos prestando servizos no concello)*

3º.- *Así mesmo, a petición formulada ven conformada polo subxefe da Policía Local.*

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a D. Daniel del Río Diz (núm. persoal 78131), axente da Policía Local, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 1 de febreiro e o 31 de xullo de 2007, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(153).- BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUN POSTO DE TRABALLO DE COORDINADOR DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. EXPTE. 17049/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.02.07, o informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 6.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o primeiro tenente de alcalde, e a ampliación de informe da xefa da Unidade de Persoal, do 9.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na provisión con carácter interino dun posto de traballo de coordinador/a de turismo, comercio e industria, encadrada no grupo B de titulación, escala administración especial, cometidos especiais, que se atopa vacante por situación de servizos especiais da funcionaria adscrita ao mesmo.

2º.- Dar aprobación ás bases específicas que rexerán o proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa,

nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUN POSTO DE TRABALLO VACANTE DE COORDINADOR/A DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA”

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

- a) *Ser español ou nacional dalgún estado membro da Unión Europea, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.*
- b) *Ter cumpridos 18 anos de idade, de conformidade co disposto no artigo 135 do Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, en redacción dada pola Lei 6 2/2003.*
- c) *Estar en posesión do título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, FP III ou equivalente.*
- d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das funcións inherentes ao posto, sen prexuízo dos dereito á igualdade das persoas con discapacidade física ou psíquica debidamente acreditada segundo a lexislación vixente.*
- e) *Non estar separado do servizo mediante expediente disciplinario da Administración Xeral do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado ou incapacitado para o desempeño de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido por órgano competente da Administración autonómica; os do apartados e) e f) mediante declaración xurada ao efecto.

II.-SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.-EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- *De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.*

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo de 2 horas catro temas elexidos ó chou do temario anexo a éstas bases, dos cales un tema corresponderá á parte xeral do temario e os tres restantes á parte específica. Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- *De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico relacionado co temario, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador. Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.*

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, consistente na corrección ou tradución dun texto escrito en lingua galega, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a o/a aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas.

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no taboeiro de anuncios do Concello os lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no BOP.

VI.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O da Corporación ou concelleiro/a en que delegue.

Secretario: Un/unha funcionario/a integrado/a no grupo A de titulación, escala administración xeral, designado polo órgano convocante, con voz e sen voto.

Vocais: Un/unha representante da Corporación; un/unha representante do Comité de Persoal do Concello de Vigo; un funcionario/a do corpo superior da Xunta de Galicia designado pola Administración autonómica e que desenvolva as súas funcións na Consellería de Innovación e Industria (Dirección Xeral de Turismo).

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Tódolos membros do tribunal, agás o Presidente, deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado. Asemade, os membros do tribunal actuarán con voz e voto a excepción do Secretario. O tribunal poderá acordar o nomeamento de asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Os membros do tribunal e os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do tribunal, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

VII.- NOMEAMENTO

O aspirante proposto/a será nomeado funcionario interino/a pola Alcaldía-Presidencia, cesando automaticamente no momento no que se produza a incorporación da funcionaria titular do posto de traballo cuxa provisión de pretende, actualmente na situación administrativa de servizos especiais.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo de técnico/a medio de administración especial propias do posto, encadrado no Grupo B, escala técnica, administración especial, cometidos especiais, do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta esta oposición sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais. Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

Dita lista terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino, ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público distinta á correspondente ao ano 2005, actualmente en fase de execución.

TEMARIO

BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.*
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- Tema 3.- Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.*
- Tema 4.- Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.*
- Tema 5.- As institucións da Unión Europea. Organos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: composición e atribucións. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.*
- Tema 6.- A Xunta de Galicia e o seu Presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.*
- Tema 7.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.*
- Tema 8.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.*
- Tema 9.- Organización municipal. Competencias.*
- Tema 10.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.*

Tema 11.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicazóns e notificacións.

Tema 12.- Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.- O concepto de turismo e turista. Oferta e demanda de turismo. Formas de turismo e tipoloxía de turistas. Estructura social da demanda de turismo. A industria e a civilización do ocio. Oferta e demanda de ocio.

Tema 2.- A xeografía do turismo e do ocio. Principais mercados emisores e receptores a nivel mundial. Importancia do turismo en España.

Tema 3.- A importancia do turismo en Galicia.Os destinos turísticos en Galicia. Os produtos turísticos en Galicia. Procedencia e socioloxía dos turistas achegados a Galicia.

Tema 4.- Planificación turística. Instrumentos de ordenación dos recursos turísticos. O medio ambiente e o desenvolvemento turístico. Medio natural e política turística. O desenvolvemento sostible.

Tema 5.- Xestión de calidade en empresas e destinos turísticos.Estratexias para a mellora da calidade nos produtos turísticos.

Tema 6.- A demanda turística. Factores.tendencias turísticas.Oportunidades de negocio.

Tema 7.- A oferta turística.Productos turísticos xerais e especializados.Creación de produtos turísticos. Promoción e comercialización dun destino turístico.

Tema 8.- O turismo cultural: recursos. Turismo cultural e desenvolvemento endóxico. Participación social. Os recursos culturais do termo municipal de Vigo e a súa relación co turismo.

Tema 9.- O turismo no medio rural. Establecementos e tipos de aloxamentos. Requisitos

Tema 10.- O turismo de natureza. Características. O medio natural como argumento de desenvolvemento turístico.O turismo activo. Requisitos das empresas de turismo activo.

Tema 11.- . O turismo cultural. Os recursos do turismo cultural. Turismo cultural e desenvolvemento endóxico.Participación social.

Tema 12.- As empresas de intermediación turística. As axencias de viaxe. Clasificación. Responsabilidades. Réxime de dereitos e obrigacións. Lexislación.

Tema 13.- As empresas turísticas. Os operadores turísticos. Elaboración e comercialización de paquetes turísticos. Cadeas hoteleiras. Clasificación e ordenación.

Tema 14.- A formación do persoal das empresas turísticas. Cursos de formación. Técnicas de formación e avaliación profesional. Programas de reciclaxe. Proxectos europeos de axuda a formación.

Tema 15.- A importancia económica do turismo. As estatísticas do turismo. Os indicadores de actividade turística. Análise e avaliación das tendencias. A importancia económica do turismo en Galicia.

Tema 16.- A importancia do turismo na economía do concello de Vigo e a súa comarca. Plans de actuación turística.

Tema 17.- Competencias da Comunidade autónoma de Galicia en materia turística. Lexislación en Galicia en materia de ordenación e promoción do turismo.

Tema 18.- A cidade e o turismo. Produtos urbanos turístico-culturais. A recuperación do patrimonio como produto turístico. As actividades de ocio como produto turístico.

Tema 19.- Recursos naturais e turismo. O patrimonio cultural, histórico e natural como recurso turístico. Os ecomuseos. O hábitat tradicional galego como recurso turístico.

Tema 20.- Marco legal de protección do patrimonio cultural e turístico de Galicia.

Tema 21.- O Padroado Provincial de Turismo “Rías Baixas”.

Tema 22.- Coñecemento de Galicia: produtos turísticos e destinos en Galicia.

Tema 23.- Coñecemento de Galicia: espazos naturais protexidos e lugares de interese. Principais festas e eventos.

Tema 24.- Coñecemento de Vigo: produtos turísticos de Vigo e comarca. Potencial turístico e principais festas, lugares e eventos.

Tema 25.- O Eixo Atlántico como rexión europea. Caracterización xeográfica e das comunicacións. Potencialidades turísticas do Eixo. Principais espazos e eventos no Eixo.

Tema 26.- Historia e xeografía de Galicia.

Tema 27.- Historia, xeografía e comunicacións de Vigo e comarca.

Tema 28.- Oficinas de información de turismo. Clases e funcións. As oficinas de información de turismo en Galicia. Especial referencia ao Concello de Vigo.

Tema 29.- O informador turístico. Función do informador turístico. Modelos de información. As novas tecnoloxías e a súa incidencia na información turística.

Tema 30.- Subvencións en materia de turismo. Obxecto, finalidade. Conceptos subvencionables. Procedemento. Ordes e convocatorias.

Tema 31.- Municipios turísticos. Requisitos. Elementos que se poden valorar. Procedemento para a declaración. Perda da condición. Vantaxes da declaración e sistemas de axudas.

Tema 32.- Políticas de promoción turística en Galicia. A empresa Turgalicia. Funcións. Competencias. Organización. Principais produtos turísticos ofertados.

Tema 33.- Campañas de promoción turística. Planificación.

Medios. A organización da promoción turística. A mercadotecnia da industria turística. Instrumentos.

Tema 34.- Xestión de establecementos turísticos. Organización e administración de empresas de aloxamento e restauración. Análise de estados contables. Estructuras e equipamentos.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(154).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 9.10.06 DE CESIÓN DA TITULARIDADE DUNHA PARCELA DE EQUIPAMENTO SANITARIO SITA NA SEGUNDA ETAPA DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 4693/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 2.02.07, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 3.06.05 a Consellería de Sanidade presenta escrito no que se solicita a posta a disposición duns terreos que sexan urbanísticamente axeitados para a construción dun centro de saúde en Navia. Para elo, se solicitaba a seguinte documentación: "(...) 1. Certificación do acordo do Pleno da Corporación Municipal cedendo ó Servicio Galego de Saúde os terreos necesarios, con especificación de número de metros e lindeiros. 2. Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. 3.-

Certificación do rexistro de titularidade e situación de cargas e gravames. 4. Referencia caststral.. 5.- Plano topográfico, con especificación da localización, medicións características do mesmo, así como a súa cédula urbanística. 6. Características da infraestrutura existente <abastecemento de auga, subministro eléctrico, evacuación de excretas etc...>. 7. Informe da autoridade urbanística municipal sobre a idoneidade do terreo e resolución dos problemas de infraestrutura sanitaria <abastecementos de augas, subministro eléctrico, saneamento, etc...>. 8.-Compromiso de asumi-los gastos derivados de facer chega-las infraestructuras existentes ó Centro de Saúde, tales como os necesarios para a construción dos accesos rodados e peonís, abastecementos, saneamentos, subministro eléctrico, alumeado e telefonía (...)"

O 23.06.05 o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo formalizaron un convenio específico de cesión de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello derivada da execución do sector do plan parcial de Navia. Neste convenio preveíase una parcela destinada a equipamento social de 6700 metros cuadrados. Con posterioridade este acordo foi rectificadopor outro de 27.03.06 no que se estabrecía unha mellor descripción da parcela de equipamento social. En concreto, a parcela destinada a equipamento social se describe do seguinte xeito: "(...) Parcela sita na etapa II (Parcela S-1), destinada a equipamento social. Mide a superficie de cuatro mil doscentos metros cuadrados (4.200 m2). Linda: Norte: Parcela do Obispado e espacío libre P-2; Sur: Rúa 2-f; Leste: espacío libre P-2; Oeste: rúa 2-d e parcela do Obispado. Así mesmo, rectificar o contido do texto do convenio que se aprobou polo mesmo acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.05, no que respecto o punto 3 da parte expositiva, punto dous no seguinte sentido: Parcela sita na etapa II (Parcela S-1), destinada a equipamento social. Mide a superficie de cuatro mil doscentos metros cuadrados (4.200 m2). Linda: Norte: Parcela do Obispado e espacío libre P-2; Sur: Rúa 2-f; Leste: espacío libre P-2; Oeste: rúa 2-d e parcela do Obispado. Cédense os 4.200 metros cuadrados da parcela (...)" A mesma está inscrita no Rexistro da propiedade número tres de Vigo.

O 27.06.06 a Consellería de Sanidade presenta escrito no que se comunca o inicio do expediente contratación para a redacción do proxecto de construción do centro de saúde.

Por acordo plenario de data 26.06.06, ó abeiro do disposto no 47.4 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se determinou o uso da parcela que se pretende ceder como sanitario.

En data 26.07.06 a arquitecta municipal informa sobre a situación urbanística da parcela solicitada como segue: "(...) Dita parcela resulta da división da parcela orixinal S1 SOCIAL, e o uso ao que se pretende destinar é o de equipamento sanitario. Con data 26/06/2006, o Consello da Xerencia aprobou o cambio do uso dotacional (nºexpte10075/411) de parte da parcela S1 denominando a esa parte S1-2, con 4.200 m2, e pasando a ter un uso sanitario. O P.P. de Navia (nºexpte7849/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 25 de abril de 2005. No Plan Parcial de Navia, plano nº0.1 ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS, reflíctense as diferentes parcelas con cadansúa ordenanza de aplicación, a parcela S1-2 sitúase dentro da S1 SOCIAL. Dito Plan Parcial na parcela S1, donde se sitúa a parcela S1-2, establece como de aplicación a "ORDENANZA S1", artigo 69, cos seguintes parámetros: 1.- La S.1, de 6.700 m², se destinará a usos religioso y asistencial. 2.- las condiciones de edificabilidad serán las siguientes:

- a) Edificabilidad: 1 m²/m².
- b) Ocupación máxima: 50 por 100.
- c) Altura máxima: 3 plantas (PB+II)."

No P.X.O.U. vixente aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993 o uso de equipamento sanitario, ao que pretende adicarse a parcela S1-2, pode englobarse dentro do “uso sanitario” (non existe ordenanza propia para este tipo de equipamentos senón que aparece como uso permitido en distintas ordenanzas). Como condicións establécese a de vincular aparcamento en proporción de 1 praza/4 camas máis 1 praza/50 m2 construídos non destinados a hospitalización. No P.X.O.M. aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, e aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006 o uso ao que se destinará a parcela S1-2 dentro do Uso Dotacional, clase Sanitario 12ª “ESTABLECEMENTOS SEN INTERNAMENTO”; e polo tanto sería de aplicación a ordenanza 13 “ÁREAS E EDIFICACIONES DOTACIONAIS”, coas condicións, entre outras: Fronte mínimo 10 m.; Separación a lindeiros: Un tercio da altura cun mínimo de 4 m. A edificación poderá adosarse a un lindeiro lateral dacordo co art.6.3.13.; Condicións particulares do Uso S.C.-Dotacional Sanitario: Edificabilidade (art.9.13.23 da normativa urbanística). Dotacional Público; Altura máxima: seis plantas; Ocupación de parcela: Setenta (80) por cento; Ocupación baixo rasante: Oitenta e cinco (90) por cento; Edificabilidade: 3,50 metros cuadrados de uso construído por cada metro cadrado de parcela (...).”

Por acordo de 2.08.06 se acorda a apertura dun trámite de información pública do expediente. Durante o mencionado trámite non se presentaron alegacións á proposta.

Por acordo da Xunta de goberno local de 9.10.06 se resolveu o seguinte: “(...) Acordar a cesión da titularidade da parcela de equipamento educativa sita na etapa II do Plan Parcial de San Paio de Navia cunha superficie de 4.200 m2 á Consellería de Sanidade, para destinala para a construción dun centro de saúde. 2.- Aprobado o texto do convenio polo que se instrumentará a cesión da parcela de equipamento, que de seguido se transcribe (...)”.

Logo da oportuna comunicación á Consellería de Sanidade, se remite novo escrito no que se informa que para a continuación do expediente consideran preciso que se achegue a seguinte documentación: “(...) 1.- Certificación do Acordo do Pleno da Corporación cedendo ó Servizo Galego de Saúde os terreos necesarios, con especificación de número de metros e lindeiros. 2.- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. 3.- Certificación do rexistro de titularidade e situación de cargas e gravámenes. 4.- Referencia catastral. 5.- Plano topográfico, en papel e en formato dixital DWG ou DXF, con especificación da localización, medicións, características do mesmo, así como a súa cédula urbanística. 6.- Características da infraestrutura existente <abastecemento de augas, subministro eléctrico, evacuación de excretas etc...> 7.- Informe da autoridade urbanística municipal sobre a idoneidade do terreo e resolución dos problemas de infraestrutura sanitaria <abastecementos de augas, subministro eléctrico, saneamento etc...>, así como certificación municipal da viabilidade de obter licenza directa dun centro de saúde. 8.- Compromiso de asumir os gastos derivados de facer chegar as infraestruturas existentes ó Centro de Saúde, tales como os necesarios para a construción dos accesos rodados e peonís, abastecementos, saneamentos, subministro eléctrico, alumeado e telefonía (...)”. Así mesmo se informa que para a aceptación da cesión non precisan da sinatura dun convenio previo.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Requerimento da Consellería de Sanidade en relación coa documentación da que precisan para proceder a aceptación da cesión da titularidade da parcela descrita nos antecedentes.- O 9.11.06 a Administración Autonómica require do Concello a remisión dunha documentación para a tramitación do correspondente expediente de aceptación da mesma. Se realiza a seguir unha análise individualizado da documentación solicitada:

1.a Certificación do Acordo de Pleno da Corporación Municipal cedendo ó Servizo Galego de Saúde os terreos necesarios, con especificación de metros e número de lindeiros.- Remítirase acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de cesión da titularidade dos terreos, ó abeiro da nova redacción dada ó

artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril realizada pola Lei 57/03, de 16 de decembro. Na parte dispositiva se fará expresa especificación dos metros e lindeiros da parcela.

1.b Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de bens das Corporacións Locais.- Tendo en conta o contido do informe proposta de 20.07.06, se remitirá dito certificado.

1.c Certificación do rexistro de titularidade e situación de cargas e gravámenes.- A parcela está inscrita no Rexistro da propiedade número tres de Vigo, no libro 1297, folio 66, finca 71227, inscrición primeira. Remítirase certificación rexistral na que necesariamente farase constar que está libre de cargas e gravámenes.

1.d Referencia catastral.- A oficina de Xestión da Xerencia municipal de urbanismo, está actualmente regularizando a situación da parcela no Catastro.

1.e Características da infraestrutura existente (abastecemento de augas, subministro de enerxía eléctrica, evacuación de excretas etc...)- Achegarase con toda a documentación informe técnico no que se aborden a situación actual da infraestrutura á que fan referencia.

1.f Informe da autoridade urbanística municipal sobre a idoneidade do terreo e resolución dos problemas de infraestrutura sanitaria (abastecementos de augas, subministro eléctrico, saneamento etc...), así como certificación municipal da viabilidade de obter licenza directa dun centro de saúde.- Se remitirá certificación urbanística no que se aborden todas as cuestións aludidas.

1.g Compromiso de asumi-los gastos derivados de facer chega-las infraestructuras existentes ó Centro de Saúde.- Ó igual que no punto anterior, se remitirá informe sobre o presente asunto.

2.- Formulación da cesión en escritura pública.- Pese a que nun principio se articulaba a cesión por medio dun convenio, a Consellería de Sanidade entende que non resulta necesario e que logo da aceptación, procederase a formalización da escritura pública correspondente, todo elo ó abeiro do disposto na Lei 33/03, de 3 de novembro, polo que se aproba a Lei de patrimonio da Administracións Públicas. Dita esixencia non plantexa ningún problema de índole xurídico.

Polo tanto, á vista do contido do requerimento da Consellería de Sanidade en relación coa cesión da titularidade da parcela S-1 de 4.200 metros cadrados sita na segunda etapa de Navia, se propoñe á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1.- Confirmar a cesión da titularidade da parcela de equipamento sanitaria sita na etapa II do Plan Parcial de San Paio de Navia cunha superficie de 4.200 m² á Consellería de Sanidade, para destinala para a construción dun centro de saúde. A mesma ten os seguintes lindeiros: Norte: espacio libre P-2, Sur Rúa 2-f, Leste: espacio libre P-2 e Oeste: Rúa 2-d.

2.- Remitir toda a documentación precisada no punto 1º dos fundamentos do presente acordo.

3.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e demais departamentos municipais interesados.

4.- Comunicar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes neste administración ou, contencioso administrativo perante ó xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Confirmar a cesión da titularidade da parcela de equipamento sanitaria sita na etapa II do Plan Parcial de San Paio de Navia cunha superficie de 4.200 m² á Consellería de Sanidade, para destinala para a construción dun centro de saúde. A mesma ten os seguintes lindeiros: Norte: espacio libre P-2, Sur Rúa 2-f, Leste: espacio libre P-2 e Oeste: Rúa 2-d.

2º.- Remitir toda a documentación precisada no punto 1º dos fundamentos do presente acordo.

3º.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e demais departamentos municipais interesados.

4º.- Comunicar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes neste administración ou, contencioso administrativo perante ó xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

29(155).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DE PERSOAS MAIORES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES- ANO 2007. EXPTE. 19733/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 1.02.07 e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 25.01.07, conformado pola delegada de Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local

1º.- Aprobar as Bases reguladoras do Programa de Subvencións a asociacións de persoas maiores sen ánimo de lucro para a realización das súas actividades-ano 2007.

2º.- Autorizar o gasto do programa para o exercizo 2007 con cargo á aplicación 3130.4890000 por importe total de 25.000 €.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE PERSOAS MAIORES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DAS SUAS ACTIVIDADES-ANO 2007

PRIMEIRA.- Finalidade e obxecto.

O Concello de Vigo, a través da área de Benestar Social, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo promocionando a realización de actividades a través das entidades que operan no ámbito das persoas maiores mediante un programa de subvencións para asociacións de maiores que contribúa na mellora da calidade de vida e o benestar social dos seus asociados.

As solicitudes para este programa implican a aceptación libre do compromiso por parte das asociacións na consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- 1.- Promover estilos democráticos que incrementen a participación veciñal nos asuntos que lle son propios, facilitando a integración dos veciños na vida local desta cidade.*
- 2.- Implicarse nunha mellor calidade de vida dos cidadáns, organizando actividades de ocio para os nosos maiores.*
- 3.- Mellorar a xestión e organización das entidades asociativas.*
- 4.- Aumentar a participación veciñal nas actividades socioculturais que as súas asociacións programen.*
- 5.- Con carácter xeral, contribuir ao financiamento dos gastos das actividades das entidades que operan no ámbito das persoas maiores.*

SEGUNDA.- Programa subvencionable.

a.- Programa de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

Financiado con cargo á partida orzamentaria 3130.4890000 e por un total de 25.000 €, o programa de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para actividades de persoas maiores está dirixido a subvencionar proxectos de actividades, fomentar os servizos e á realización de programas formativos nas propias sedes das asociacións para os seus propios asociados, e persigue entre outros:

- Apoiar ás entidades asociativas de maiores no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da participación e desenvolvemento de actividades culturais, recreativas, e de voluntariado.*
- Potenciar a dinamización social do colectivo de maiores a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura*
- Potenciar a comunicación entre os maiores co fin de evitar a soidade e o illamento social*
- Promover proxectos de sensibilización da participación cidadá entre maiores coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.*
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que fora do municipio, inclúan programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a certames, congresos, etc..., debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.

TERCEIRA.- Contía máxima da subvención e compatibilidade.

A subvención non poderá superar o 80 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 3.000 €. A concesión de subvencións ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras axudas outorgadas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do programa ou servizo obxecto da subvención.

Así mesmo, serán incompatibles coas que sexan outorgadas a entidades que xa perciban financiamento municipal mediante convenio ou outra formula para calquera outro programa ou actividade.

CUARTA.- Desestimación das solicitudes

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaránse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*
- 3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
- 4.- Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*
- 5.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- 6.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- 7.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- 8.- As actividades propias dos clubs deportivos excepto aqueles integrados por practicantes con algunha doenza*
- 9.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

QUINTA.- Solicitantes.

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociacións sen ánimo de lucro que inscritas no sectorial 8.3. “pensionistas, maiores e 3ª idade” do Rexistro Municipal de Asociacións, traballen no ámbito sociocomunitario, dedicándose exclusivamente á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador de persoas maiores, con implantación local e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- b) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- c) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- d) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*
- e) Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*

f) O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei

SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

6.1.- Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentarase no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

As solicitudes serán dirixidas a Excm. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.

6.2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.3.- Documentación

Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

- a) Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo organo de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade. (anexo 1)
 - b) Memoria explicativa e detallada das actividades para os que se solicita a subvención, nos que figure entre outros: (anexo 2)
 - o Nome do proxecto
 - o Obxectivo se fins que persigue
 - o Actividades a realizar
 - o Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.
 - o Calendario de actividades
 - c) Orzamento dos ingresos e gastos previstos para a realización do proxecto (anexo 3).
 - d) Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - e) Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 4).
 - f) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.
 - g) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - h) Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4)
- De ter presentados os certificados solicitados nos apartados e), f) e g) no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).

6.4.- Corrección de defectos:

Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Benestar Social, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días par completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Benestar Social destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a.- Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

b.- Número de beneficiarios/as totais das actividades subvencionadas. Ata 15 puntos)

Valorarase tendo en consideración ademais dos socios numerarios da asociación, os participantes habituais nas actividades promovidas pola entidade e subvencionada polo concello.

c.- Capacidade económica, infraestrutura e equipamentos. Ata 15 puntos

Valorarase tendo en conta entre outros:

- Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido.
- O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.

d.- Grado de implicación nas actividades do departamento de Benestar Social . Ata 10 puntos

Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.

e.- Calidade e viabilidade técnica e económica da actividade/s. Ata 50 puntos.

Valorase tendo en conta a seguinte tipoloxía:

e.1.- Actividades formativas : Cursos e seminarios

e.2.- Actividades culturais: Conferencias, charlas, etc

e.3.- Actividades socio-culturais: Viaxes, excursións.

f.4.- Actividades de participación: Voluntariado

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo.

OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle a un/unha Técnico/a do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidenta: A Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá.

Vogais: Dous técnicos do servizo de Benestar Social.

Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá:

1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.

2.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

9.1.- *Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*

9.2.- *Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Área de Benestar Social”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Benestar Social. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*

9.3.- *Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.*

9.4.- *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.*

9.5.- *Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*

9.6.- *Estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.*

9.7.- *As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

9.8.- *A concesión da subvención non exime ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles.*

DÉCIMA.- Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- o Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no proxecto*
- o Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.*
- o Polo incumprimento das obrigas do beneficiario*

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia da Delegada de Goberno da área de Participación Cidadá.

UNDÉCIMA.- Xustificación.

11.1.- Xustificación mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*

2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
2. *Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*

2.1.- Número e no seu caso serie.

2.2.- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

2.3.- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)

2.4.- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)

2.5.- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

2.6.- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.

2.7.- Lugar e data de emisión.

2.8.- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

3. *Para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal, achegarse tal como figura nos parágrafos anteriores, memoria descritiva dos gastos de mantemento das entidades no que se relacionen os gastos correntes de funcionamento das mesmas no que se refire a persoal, mantemento de instalacións, alugamentos, subministración de teléfono, auga, fax, mantemento de equipos informáticos, etc...*

4. *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.)*

5. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia*

c) Declaración xurada do receptor, acreditativa dos seguintes extremos:

● *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

● *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

● *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

d) Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

11.2. Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

11.3.- Os beneficiarios xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro do 2007. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.

11.4.- Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.

11.5.- O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

DUODÉCIMA.- Revogación da subvención.

O Concello de Vigo poderá acordar a revogación da axuda concedida, si se incurrise nalgún dos seguintes supostos:

- 1.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.*
- 2.- Incumprir algunha das condicións establecidas nestas bases.*
- 3.- Aplicar as subvención a fins distintos para os que foron concedidos.*

Igualmente procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade ou investimento subvencionado, considerándose dita cantidade como ingresos de dereito público.

Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infracción e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos, contidas no Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

30(156).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES A ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAO-ANO 2007. EXPTE. 19735/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 2.02.07 e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 25.01.07, conformado pola delegada de Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras do Programa de Subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de benestar social-ano 2007

2º.- Autorizar o gasto do programa para o exercizo 2007 con cargo á aplicación 3130.4890000 por importe total de 75.000 €.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAL-ANO 2007

PRIMEIRA.- Finalidade e obxecto.

O Concello de Vigo, a través do Servizo de Benestar Social, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrência competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo mediante un programa de subvencións para asociacións de carácter social que contribúa ao fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social dos cidadáns, así como axudar ao financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.

As solicitudes para este programa implican a aceptación libre do compromiso por parte das asociacións na consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- 1.- Promover estilos democráticos que incrementen a participación veciñal nos asuntos que lle son propios, facilitando a integración dos veciños na vida local desta cidade.*
- 2.- Implicarse nunha mellor calidade de vida dos cidadáns, organizando actividades tanto para a inserción laboral dos xoves, como de ocio para os nosos maiores.*
- 3.- Mellorar a xestión e organización das entidades asociativas.*
- 4.- Aumentar a participación nas actividades socioculturais que as asociacións programen.*
- 5.- Facilitar aos socios e veciños os equipamentos e infraestruturas necesarios para a inserción na sociedade da información e o coñecemento.*
- 6.- Garantir os servizos estables das asociacións.*
- 7.- Con carácter xeral, fortalecer a participación cidadá cun estilo democrático e activo.*

SEGUNDA.- Programa subvencionable.

a.- Programa de actividades de benestar social e desenvolvemento sociocomunitario.

Financiado con cargo á partida orzamentaria 3130.4890000 e por un total de 25.000 €, o programa de subvencións para o fomento de actividades de benestar social e desenvolvemento sociocomunitario esta dirixido a subvencionar proxectos de actividades, fomentar os servizos, as novas tecnoloxías e á realización de programas formativos nas propias sedes das asociacións para os propios veciños, e persigue entre outros:

- Potenciar os tecidos sociais no ámbito dos servizos sociais con fin de que a participación da vida social sexa activa para todos os colectivos*

- *Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da participación cidadá.*
- *Potenciar a sensibilización da poboación xeral sobre a integración dos afectados por algunha minusvalía ou enfermidade social.*
- *Facer programas que acompañen a atención de colectivos especiais.*
- *Promover proxectos de sensibilización da participación cidadá coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.*
- *Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que fora do municipio, inclúan programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a certames, congresos, etc..., debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.

b.- Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.

Financiado con cargo á partida 3130.4890000 e por un total de 50.000 € este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das actividades de benestar social e desenvolvemento sociocomunitario.

Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de teléfono, auga e fax, mantemento de equipos informáticos, etc...

As entidades que operan nestes ámbitos poden solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.

TERCEIRA.- *Contía máxima da subvención e compatibilidade.*

A subvención non poderá superar:

- a) O 60 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 4.000 € para o programa de actividades de benestar social e desenvolvemento sociocomunitario.*
- b) O 80 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 4.000 € para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.*

A concesión de subvencións ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras axudas outorgadas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do programa ou servizo obxecto da subvención.

Así mesmo, serán incompatibles coas que sexan outorgadas a entidades que xa perciban financiamento municipal mediante convenio ou outra formula para calquera outro programa ou actividade.

CUARTA.- *Desestimación das solicitudes*

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*

2.- *Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*

3.- *Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*

4.- *Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*

5.- *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*

6.- *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*

7.- *Aqueles actividades propias dos clubs deportivos excepto aqueles integrados por practicantes con algunha doenza.*

8.- *Aqueles actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto.*

9.- *Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*

10.- *Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

QUINTA.- Solicitantes.

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as asociación sen ánimo de lucro e Fundacións que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen exclusivamente no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:

a) *Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*

b) *Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador e con implantación local.*

c) *Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, na Consellería de Servizos Sociais ou de Familia, segundo corresponda, de conformidade co disposto no Decreto 291/95, de 3 de novembro, (DOG nº 218, de 14/11/95) e Ordes do 18 de xaneiro e 5 de febreiro de 1996, (DOG nº 24 do 2 de febreiro e 35 do 19 de febreiro) da Xunta de Galicia.*

d) *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*

e) *Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

f) *Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*

g) *Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*

h) O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei

SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

6.1.- Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

As solicitudes serán dirixidas a Excm. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.

6.2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.3.- Documentación

Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

c) Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo organo de goberno da asociación ou entidade solicitante. Dito certificado deberá de ser emitido de conformidade coas previsións contidas nos estatutos da asociación ou entidade. (anexo 1)

d) Memoria explicativa e detallada das actividades para os que se solicita a subvención, nos que figure entre outros: (anexo 2)

o Nome do proxecto

o Obxectivo se fins que persigue

o Actividades a realizar

o Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.

o Calendario de actividades

e) Orzamento dos ingresos e gastos previstos para a realización do proxecto (anexo 3).

f) Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

g) Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo 4).

h) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

i) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

j) Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben declaración xurada de non ter traballadores contratados ao seu cargo (anexo 4)

De ter presentados os certificados solicitados nos apartados e), f) e g) no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando a convocatoria e departamento ou área do Concello na que se presentou (anexo 4).

6.4.- Corrección de defectos:

Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días par completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Benestar Social destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adjudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a.- Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

b.- Colectivos aos que atende (Discapacitados, drogas, afectados de doenzas especiais, apoio a grupos vulnerables e en estados de exclusión social). Ata 20 puntos

Valorarase tendo en consideración os recursos que teñen para a atención a cada un dos colectivos.

c.- Capacidade económica, infraestrutura e equipamentos. Ata 15 puntos

Valorarase tendo en conta entre outros:

- Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como si esta acometendo ás súas expensas, reformas importantes.

- O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.

d.- Grado de implicación nas actividades da área de Benestar Social. Ata 5 puntos

Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.

e.- Calidade e viabilidade técnica e económica. Ata 50 puntos.

Valorase tendo en conta:

- Número de beneficiarios das actividades.

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
- Que os programas contén con contidos e métodos asistenciais de cobertura de necesidades básica, socioeducativas.
- Que teñan continuidade por estar cubrindo unha necesidade sentida polo colectivo.
- Que sexan actividades de prevención ou reinserción de grupos vulnerables e/ou en estado de exclusión.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle a un/unha Técnico/a do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidenta: A delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá

Vogais: Dous técnicos do servizo de Benestar Social.

Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá:

1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.

2.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

9.1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

9.2.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Área de Benestar Social”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Benestar Social. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

9.3.- Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

9.4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

9.5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

9.6.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

9.7.- As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

9.8.- A concesión da subvención non exime ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles.

DÉCIMA.- Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- o Cando o gasto xustificable sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no proxecto*
- o Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.*
- o Polo incumprimento das obrigas do beneficiario*

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia da Delegada de Goberno da área de Participación Cidadá.

UNDÉCIMA.- Xustificación.

11.1.- Xustificación mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

2. Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

2.1.- Número e no seu caso serie.

2.2.- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

2.3.- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)

2.4.- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)

2.5.- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

2.6.- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.

2.7.- Lugar e data de emisión.

2.8.- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

3. Para o programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal, achegarse tal como figura nos parágrafos anteriores, memoria descritiva dos gastos de mantemento das entidades no que se relacionen os gastos correntes de funcionamento das mesmas no que se refire a persoal, mantemento de instalacións, alugamentos, subministración de teléfono, auga, fax, mantemento de equipos informáticos, etc...

4. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que de devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

5. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia

c) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

d) Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

11.2. Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

11.3.- Os beneficiarios xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro do 2007. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.

11.4.- Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.

11.5.- O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

DUODÉCIMA.- Revogación da subvención.

O Concello de Vigo poderá acordar a revogación da axuda concedida, si se incurrixe nalgún dos seguintes supostos:

- 1.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.
- 2.- Incumprir algunha das condicións establecidas nestas bases.
- 3.- Aplicar as subvención a fins distintos para os que foron concedidos.

Igualmente procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade ou investimento subvencionado, considerándose dita cantidade como ingresos de dereito público.

Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infracción e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos, contidas no Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

31(157).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DE DOUS ADMINISTRATIVOS PARA O EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL E SERVIZO DE CULTURA. EXPTE. 17080/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.02.07, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 5.02.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de decembro de 2006, adoptou acordo polo que se faculta a Unidade de Persoal para a contratación dun administrativo para o equipo de inclusión sociolaboral, ó abeiro do convenio coa vicepresidencia da igualdade e do benestar, aprobado o 26 de decembro do 2006, pola Xunta de Goberno Local, expte. 19208/301.

O Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de Instrucción de Servizo de data 5 de febreiro pasado, autorizou o inicio do expediente para inicia-lo procedemento de selección e posterior contratación dun/dunha administrativo/a baixo a modalidade por obra ou servizo determinado, regulado polo RD Lexislativo 1/1995 Estatuto dos Traballadores, art. 15, RD 2720/1998, de 18 de decembro.

Con data data 22 de xaneiro de 2007, o Xefe do Departamento de Cultura, coa conformidade do primeiro tenente alcalde, solicita a contratación dun/dunha administrativo/a, xustificando o mesmo na acumulación de tarefas existentes no seu Servizo, o atoparse vacante a única praza de administrativo coa que conta o mesmo e ser necesario a súa dotación para asumir a relación coas dependencias culturais vencelladas o Departamento de Cultura (Casa das Artes, Casa Galega da Cultura e Biblioteca Central), en especial a xestión do seu mantemento e funcionamento, polo Servizo de Persoal deberase proceder a tramitación do expediente correspondente para proceder a contratación dun/dunha administrativo/a baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres).

A referida contratación foi informada favorablemente o igual que a anterior polo Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 5 de febreiro actual.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os

distintos exercicios de que constou aquela. Nembargantes non existe lista de aspirantes pola tanda libre, ya que a totalidade das prazas ofertadas fíxose pola quenda de promoción interna

Asi mesmo non existe lista de substitucións de persoal con categoría de administrativo, toda vez que ás tres candidatas que superaron os exercicios da convocatoria interina convocada en execución dos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 24 de maio e 14 de xuño de 2004, xa foron nomeadas interinamente por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 14 de xuño, 11 de outubro e 22 de novembro de 2004, polo que neste intre a referida lista tamén se atopa esgotada.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentación

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas, no caso do administrativo para o servizo de cultura-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de

decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses e por obra ou servizo determinado, no caso do administrativo para o equipo de inclusión sociolaboral, ó abeiro do convenio coa vicepresidencia da igualdade e do benestar, aprobado o 26 de decembro do 2006 (programa INTES).

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó abeiro do disposto no artigo 22.2 da lei 42/2006, de 28 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2007, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente e inaprazable como a que nos ocupa.

Por todo elo, previo informe de fiscalización do gasto pola Intervención xeral para facer fronte o gasto que supón a devandita contratación, o funcionario que SUBSCRIBE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DICTE A SEGUINTE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica de dous administrativos/as, para que sexan remitidos vinte candidatos/as, que respónden ás seguintes características:

Titulación esixida: Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente), sendo indispensable en ámbolosdous casos, posuír coñecementos de ofimática.

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do Departamento de Cultura, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña dous candidatos/as, co obxecto de formaliza-las contratacións propostas.

A tales efectos, o proceso de selección constará das seguintes probas:

1ª Proba: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test proposto pola Comisión de 20 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas relacionadas co temario do seguinte programa, no tempo que fixe o tribunal.

Tema 1.- O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. Especial referencia o empadramento.

Tema 2.- Organización municipal. Competencias.

Tema 3.- Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.

Tema 4.- Funcionamento dos órganos colexiados locais; rexime de sesións e acordos. Actas e certificación dos acordos. As resolucións do Presidente da Corporación.

Tema 5.- Os presupostos das Entidades Locais. Principios, integración e documentos de que constan. Proceso de aprobación do orzamento local. Principios xerais de execución do orzamento. Modificacións orzamentarias; os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, as transferencias de créditos e outras figuras. Liquidación do orzamento.

2ª Proba: Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de entornos operativos windows o similares, manexo de ferramentas de ofimática (openoffice ou similar) e de utilidades básicas da internet (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que establece a Comisión, cualificándose a velocidade desenvolvida, a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presenten estas.

3ª Proba: Entrevista persoal para avaliación das aptitudes, experiencia no desempeño das funcións do posto de traballo, etc, dos candidatos.

As dúas primeiras probas avaliaráanse de cero a dez puntos, tendo carácter excluintes se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos en cada unha delas, mentres que a entrevista persoal que non será eliminatoria, valorarase sobre un máximo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, (no caso do administrativo para o servizo de Cultura), que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses e -por obra ou servizo determinado-, no segundo administrativo (art. 2 do RD 2720/1998).

Os/as candidatos/as seleccionadas prestarán ós servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais segundo as necesidades existentes en cada momento, percibindo como retribucións importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 205 da relación de postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(158).- CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS PAVIMENTADORES E SEIS OPERARIOS PAVIMENTADORES POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 17083/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 12.01.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recurso Humanos, do 9.02.07, conformado pola xefa e polo concelleiro do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

Con data 5 de febreiro do 2007, ó coordinador da Área de Servizos Sociais, Alvaro Crespo Casal, e do concelleiro da mesma área, Carlos Comesaña Abalde, solicitan un incremento da contratación de dous oficiais-pavimentadores e seis operarios pavimentadores, necesarios para dar a poio a maquinaria aportada pola diputación.

I.- Antecedentes.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 4 de decembro do 2006, acordou a contratación laboral-temporal, por acumulación de tarefas de un oficial pavimentador e dous operarios pavimentadores en apoio ó convenio de colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo. (Expte. 16815/220).

A Comisión de Valoración constituída para xulgar-lo proceso selectivo de ditas contratacións, e unha vez realizadas as probas, procede a calificación dos/as aspirantes, según acta de data 4.01.2007:

A comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta: Dona Maria Soledad Polo Lima, Concelleira delegada de distrito.

Secretaria: Dna. Consuelo Fernández Gallego-Tca. de Org. e X. de Recursos Humanos.

Vocais: - D. Jose Manuel Martínez González-Capataz de Vías e Obras.

- D. Xosé Antonio Comesaña Davila, en representación do Comité de Persoal.

1º.- SELECCIÓN DUN OFICIAL PAVIMENTADOR.

Aberta a sesión pola Sra. Presidenta, a Secretaria da conta da relación definitiva dos aspirantes.

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>NIF</u>
BERGUES RODRIGUEZ JOSÉ	36.005.187
CONDE CAMESELLE JESÚS ANTONIO	36.094.969-H
CRUCES CASTRO MARCOS	36.103.722-R
SOENGAS COBAS MARIA REMEDIOS	33.826.531

Seguidamente dáse conta da proba a realizar polos aspirantes, sendo ésta aceptada por unanimidade de tódolos membros do tribunal, obtendo as seguintes puntuacións:

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>NIF</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>	
BERGUES RODRIGUEZ JOSÉ	36.005.187	8,5.-	
CONDE CAMESELLE JESÚS ANTONIO	36.094.969-H	9.-	
CRUCES CASTRO MARCOS	36.103.722-R	7.-	
SOENGAS COBAS MARIA REMEDIOS	33.826.531	N.P.	

En consecuencia a Comisión acorda:

- Propoñer a Iltma. Sra. Alcaldesa, a contratación laboral temporal por acumulación de tarefas por un período de tres meses, coa categoría de oficial/a pavimentador/a a:

D. JESÚS ANTONIO CONDE CAMESELLE.

2º.- SELECCIÓN DE DOUS OPERARIOS-PAVIMENTADORES.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, a Secretaria da conta da relación definitiva dos aspirantes.

RELACION DE CANDIDATOS PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS OPERARIOS PAVIMENTADORES

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>NIF</u>
BARROS ABALDE M DEL CARMEN	36.028.330-A
BRAIS CALLES ALONSO	36.165.326-B
CONDE CAMESELLE JESÚS A.	36.094.769-H
CONDE CAMESELLE JOSE LUIS	36.113.488-S
CRISPÍN MOSQUERA M ANGELES	10.798.478-R
FERNÁNDEZ RUIZ JOSE LUIS	71.337.263-A
GARCIA PEREIRA NOELIA	
GARCIA RECAMAN ANTONIO	36.047.866-N
LUCIARTE PEREZ CARLOS	36.041.237-F
OTERO RODRIGUEZ M CARMEN	36.060.941-T
ROA ROMERO M CRUZ	36.031.819-L
SOENGAS COBAS M REMEDIOS	33.826.531
ZARAGOZA BASTOS DOLORES	36.039.183-T

Seguidamente dáse conta da proba a realizar polos aspirantes, sendo ésta aceptada por unanimidade de tódolos membros do comisión de valoración, obtendo as seguintes puntuacións:

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>NIF</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>	
BARROS ABALDE M DEL CARMEN	36.028.330-A	8.-	
BRAIS CALLES ALONSO	36.165.326-B	9.-	
CONDE CAMESELLE JESÚS A.	36.094.769-H	7.-	
CONDE CAMESELLE JOSE LUIS	36.113.488-S	7,5.-	
CRISPÍN MOSQUERA M ANGELES	10.798.478-R	6,5.-	
FERNÁNDEZ RUIZ JOSE LUIS	71.337.263-A	5,5	
GARCIA PEREIRA NOELIA		N.P.	
GARCIA RECAMAN ANTONIO	36.047.866-N	5.-	
LUCIARTE PEREZ CARLOS	36.041.237-F	6,75.-	
OTERO RODRIGUEZ M CARMEN	36.060.941-T	4,75.-	
ROA ROMERO M CRUZ	36.031.819-L	7,75.-	
SOENGAS COBAS M REMEDIOS	33.826.531	N.P.	
ZARAGOZA BASTOS DOLORES	36.039.183-T	N.P.	

En consecuencia a comisión acordóu:

- Propoñer a Iltna Sra. Alcaldesa, a contratación laboral temporal por acumulación de tarefas por un periodo de tres meses, coa categoría de operarias/os-pavimentador a:

- BRAIS CALLES ALONSO.*
- MARIA DEL CARMEN BARROS ALONSO,*

por sé-los aspirantes que obtivéron maior puntuación.

En relación ó exposto, a funcionaria que subscribe fíxo a seguinte proposta:

1º- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda a formalizar os correspondentes contratos por acumulación de tarefas e con unha duración de tres meses,

coa categoría de oficial-pavimentador a D. JESÚS ANTONIO CONDE CAMESELLE.

e coa categoría de operarios-pavimentadores a:

- D. BRAIS CALLES ALONSO.*
- D. MARIA DEL CARMEN BARROS ALONSO.*

Por sé-los candidatos propostos pola comisión e que obtivéron a maior puntuación.

2º.- Ditos seleccionadas/dos, deberá aportar na Unidade de Persoal, os orixináis da titulación esixida, D.N.I., vida laboral actualizada, tarxeta sanitaria e número da conta bancaria para domiciliación da nómina.

3º.- - Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Ley 5/2006, de 9 de junio, para a mellora do crecemento e do emprego, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración determinada e en concreto ó disposto no capítulo II que modifica ó apartado 5 do artigo 15 do estatuto dos traballadores, no relativo a duración máxima dos periodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada.

4º.- A Contratación será por un periodo de tres meses, baixo a modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro), modelo de contratación temporal que establece un prazo contractual máximo de seis meses.

5º.- Código de adscripción de postos de traballo e servicio:

- Cod. servicio vías e obras: 442.*
- Cod. oficial-pavimentador: 243.*
- Cod. operario-pavimenta: 158.*

6º.- Con data 5 de febreiro do 2007, ó coordinador da Área de Servicios Sociais, Alvaro Crespo Casal, e do concelleiro da mesma área, Carlos Comesaña Abalde, solicitan un incremento da contratación de dous oficiais-

pavimentadores e seis operarios pavimentadores, necesarios para dar a poio a maquinaria aportada pola diputación.

7º.- O importe do RC desta segunda contratación de dous oficiais e seis operarios pavimentadores, serían. 50.240.- euros, adxúntase ó expediente ó desglose e o informe de Intervención.

8º.- Tendo en conta a relación de candidatos presentados mediante anuncio publicado na prensa local e correspondentes a anterior contratación aprobada pola xunta de goberno local de data 4 de decembro do 2006 e a relación dos cales coa orde de puntuación figura na presente proposta, así como as actas da comisión de valoración constituída ó efecto e que tamén se adxuntan ó expediente,

esta unidade de persoal, tendo en conta ó anteriormente exposto e a urxencia de dita contratación, fai a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local:

PROPOSTA

9º.- Contratación de dous oficiais pavimentadores e seis operarios pavimentadores, por un periodo de tres meses, tendo en conta a relación de candidatos seleccionados na convocatoria aprobada pola anterior xunta de goberno local de 4 de decembro do 2006 e comisión de valoración constituída ó efecto e dacordo cos datos que figuran nos antecedentes da presente proposta e que serían os seguintes:

9.1.- Contratación por un periodo de tres meses, baixo a modalidade de acumulación de tarefas e coa categoría de oficial pavimentador, a:

1º.- DON JOSÉ BERGUES RODRIGUEZ.

E

2º.- DON MARCOS CRUCES CASTRO.

9.2.- Contratación por un periodo de tres meses, baixo a mesma modalidade de contratación e coa categoría de operarios pavimentadores, a:

1º.- CONDE CAMESELLE JOSE LUIS.

2º.- CRISPIN MOSQUERA M ANGELES.

3º.- FERNÁNDEZ RUIZ JOSÉ LUIS.

4º.- GARCÍA RECAMÁN ANTONIO.

5º.- LUCIARTE PEREZ CARLOS.

6º.- ROA ROMERO M CRUZ.

9.3.-.- Ditos seleccionadas/dos, deberá aportar na Unidade de Persoal, os orixináis da titulación esixida, D.N.I., vida laboral actualizada, tarxeta sanitaria e número da conta bancaria para domiciliación da nómina.

9.4.- - Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Ley 5/2006, de 9 de junio, para a mellora do crecemento e do emprego, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración determinada e en concreto ó disposto no capítulo II que modifica ó apartado 5 do artigo 15 do estatuto dos traballadores, no relativo a duración máxima dos periodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada.

9.5.- A Contratación será por un periodo de tres meses, baixo a modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro), modelo de contratación temporal que establece un prazo contractual máximo de seis meses.

9.6.- Código de adscripción de postos de traballo e servicio:

Cod. servicio vías e obras: 442.

Cod. oficial-pavimentador: 243.

Cod. operario-pavimenta: 158.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- A Contratación de dous oficiais pavimentadores e seis operarios pavimentadores, por un periodo de tres meses, tendo en conta a relación de candidatos seleccionados na convocatoria aprobada pola anterior xunta de goberno local de 4 de decembro do 2006 e comisión de valoración constituída ó efecto e de acordo cos datos que figuran nos antecedentes da presente proposta e que serían os seguintes:

2.- A Contratación por un periodo de tres meses, baixo a modalidade de acumulación de tarefas e coa categoría de oficial pavimentador, a:

1º.- DON JOSÉ BERGUES RODRIGUEZ.

2º.- DON MARCOS CRUCES CASTRO.

3º.- Contratación por un periodo de tres meses, baixo a mesma modalidade de contratación e coa categoría de operarios pavimentadores, a:

1º.- CONDE CAMESELLE JOSE LUIS.

2º.- CRISPIN MOSQUERA M ANGELES.

3º.- FERNÁNDEZ RUIZ JOSÉ LUIS.

4º.- GARCÍA RECAMÁN ANTONIO.

5º.- LUCIARTE PEREZ CARLOS.

6º.- ROA ROMERO M CRUZ.

4º.- Ditos seleccionadas/dos, deberá aportar na Unidade de Persoal, os orixinais da titulación esixida, D.N.I., vida laboral actualizada, tarxeta sanitaria e número da conta bancaria para domiciliación da nómina.

5º.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Ley 5/2006, de 9 de junio, para a mellora do crecemento e do emprego, que modifica a lexislación laboral, o cal pretende evitar e prevenir a utilización abusiva de contratos de duración determinada e en concreto ó disposto no capítulo II que

modifica ó apartado 5 do artigo 15 do estatuto dos traballadores, no relativo a duración máxima dos periodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada.

6º.- A Contratación será por un periodo de tres meses, baixo a modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro), modelo de contratación temporal que establece un prazo contractual máximo de seis meses.

7º.- Código de adscripción de postos de traballo e servicio:

Cod. servicio vías e obras: 442.

Cod. oficial-pavimentador: 243.

Cod. operario-pavimenta: 158.

33(159).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.